



Deputación
DA CORUÑA

Nº 54
18/07/2018

Boletín de Medio Ambiente



Estuario do Río Anllóns

Concello: Ponteceso

Características: trátase dunha lingua de area que divide en dúas o estuario. A ambas as marxes da desembocadura acumúlase a area dando lugar a un gran conxunto de dunas de case 2 km. de lonxitude e uns 400 m. de anchura media que rube polo Monte Branco ata o Alto das Travesas.

Curiosidades: ademais de ser un espazo natural de gran beleza paisaxística, ten tamén unha gran riqueza ecolóxica e ornitolóxica, con aves de paso e invernantes.

Noticias

O lixo nas praias do Mediterráneo triplicase no verán

Os refugallos nas praias das illas do Mediterráneo triplicanse durante o verán. Segundo os resultados dun estudo elaborado polo Instituto de Ciencia e Tecnoloxía Ambientais da Universidade Autónoma de Barcelona, durante a tempada que vai dende maio ata setembro, os turistas lanzan ás praias unha media de 250.000 residuos ao día por quilómetro cadrado, unha cantidade que aumenta ata os 316.000 residuos ao día por quilómetro cadrado de media en xullo e agosto, e que contrasta cos 81.000 restos de media diaria durante a tempada baixa.

Fonte: 20 minutos

Fabricación sustentable do papel en España

España é o terceiro país da Unión Europea con maior masa forestal. Isto representa unha gran oportunidade para a industria do papel que nos últimos anos deu un gran impulso á xestión forestal sustentable e á súa certificación. Actualmente o 55% do papel fabricado en España é de orixe certificada, isto supón un incremento de máis do 30% respecto de 2012, cando este produto representaba o 24,7% de todo o papel no país. No proceso de produción conseguiuase reducir unha 32% a auga que se utiliza para a súa fabricación dende o ano 2000 e levar a cabo unha xestión máis sustentable dos residuos que se xeran.

Fonte: Ecoticias

Queres evitar a demencia? Vive nun barrio máis verde

Nun estudo publicado en *Enviromental Health Perspectives* realizouse un seguimento individualizado de 6.500 persoas de entre 45 e 68 anos. En tres momentos temporais distintos nos que os participantes completaron unha serie de cuestionarios que avaliaron a súa fluidez verbal, razoamento matemático e memoria a curto prazo. "A través destas probas puidemos observar como a súa función cognitiva cambiou durante un período de 10 anos", apuntaron os investigadores.

O aumento de espazos verdes ao redor dos fogares dos participantes asociouse cunha diminución máis lenta da cognición xeral. A diminución no puntaxe da función cognitiva foi un 4,6% menor nos participantes que viven en barrios máis ecolóxicos.

Tamén analizaron si a contaminación do aire podería ser outro factor influente e atoparon que unha maior exposición a zonas verdes asóciase cunha menor exposición á contaminación do aire, o que á súa vez beneficia a función cognitiva.

Fonte: El Mundo

Combater a contaminación por plástico a 9.000 metros de altura

Alaska Airlines converteuse na primeira aerolínea estadounidense en substituír nos seus voos os palitos de plástico para remover bebidas e as palliñas por alternativas sustentables, serán substituídos por utensilios de bidueiro branco e bambú.

A iniciativa reducirá unha porcentaxe mínima do total que se utiliza cada día pero servirá para concienciar aos consumidores.

Fonte: El País

Osos polares xogan con residuos plásticos

Membros da expedición *Sail Against Plastic* fotografaron este verán nunha pequena illa do arquipélago noruegués de Svalbard, no océano Ártico, a dous cachorros de oso polar xogando con grandes pezas de plástico. O obxectivo da viaxe a Svalbard foi investigar o impacto dos plásticos no medio mariño nesta zona do Ártico, os resultados mostran a cantidade de desperdicios procedentes da vida cotiá: botellas de plástico, bastoncillos de algodón, cabichas, toallitas húmidas, poliestireno e envases de alimentos.

Os dous osiños observados atopábanse en compañía da nai nunha área costeira, polo que se supón que os plásticos cos que xogaban chegaran por efecto das mareas e correntes mariñas; aínda que non se pode descartar que fose vertido desde algunha embarcación comercial ou turística.

Fonte: La Vanguardia

Sabías que...

o 17 de maio foi o día mundial da reciclaxe? Este ano *Ecoembes* publicou un informe sobre os datos de reciclaxe do ano 2017.

Entre os datos máis reveladores atópase a taxa de reciclaxe dos envases, que ascendeu o pasado ano ao 77,1%. Esta cifra supón unha subida do 3,5% respecto do ano anterior, e unha subida do 66,3% con respecto do ano 1998, ano no que comezou a súa andaina *Ecoembes*.

Boas Prácticas

Os Rosales terá a terceira zona verde máis extensa da cidade, despois de Bens e Eirís

O Concello pretende comezar a final de ano a mellora do espazo entre as vivendas e o Monte de San Pedro, con áreas para nenos, maiores, deportes, cans e descanso.

É o primeiro dos proxectos enmarcados na iniciativa "Bosques da Coruña", o denominado "Parque das Cinco Illas", que busca a creación dun bosque urbano da área dos Rosales xa ten data de inicio. As obras de reforma do espazo darán comezo cara a finais deste ano para consolidarse ao longo de 2019, e contarán cun orzamento de 750.000 euros, segundo avanzou onte a concelleira de Medio Ambiente, María García. O Concello quere convertelo na terceira área verde máis extensa da cidade, por detrás dos parques de Bens e Eirís.

Fonte: La Opinión Coruña

Starbucks deixará de usar palliñas en 2020

A rede de cafeterías de Starbucks deixará de usar palliñas de plástico dun só uso nas súas máis de 28.000 tendas en todo o mundo para reducir o seu impacto ambiental. Para substituír os máis de mil millóns de palliñas de plástico que usa anualmente, a empresa de Seattle ofrecerá unha tapa de plástico reciclable, que a pesar de estar feita de plástico, o seu contido de polipropileno pode reciclarse.

Fonte: 20 minutos

O primeiro avión de pasaxeiros eléctrico comeza a voar

Noruega adiantase aos proxectos de aviación verde en Europa e o propio ministro de Transportes, Ketil Solvik-Olsen, puxo a proba o primeiro avión de pasaxeiros completamente eléctrico. O voo polos arredores do aeroporto de Oslo é un fito en Europa.

Oslo marcou no seu calendario o ano de 2025, data que o Goberno noruegués impúxose para comezar a operar con estes avións. Segundo o Executivo, a meta é que para 2040 todos os voos domésticos en Noruega sexan eléctricos.

Fonte: ABC

Axenda Ambiental

- Ata 20/07/2018 V Edición dos Premios ó Talento Xove para a Xestión Sostible da Auga
- Ata 21/07/2018 XXIX Edición da Bienal Internacional de Ciné Científico Ronda – Madrid - México
- Ata 26/07/2018 Consulta pública sobre a avaliación do Sétimo Programa de Acción en materia de Medio Ambiente da UE

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: medioambiente@dacoruna.gal